

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 8 de xuño de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día oito de xuño de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(642).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 25.05.2012, extraordinaria e urxente do 28.05.2012, ordinaria do 1.06.2012 e extraordinaria e urxente do 6.06.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(643).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, REFERENTE O NOMEAMENTO DE D. JOSE MARIA GARCÍA VEGA COMO ASESOR DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. EXPTE. 476/1101.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 1.06.2012, que di o que segue:

“En sesión de data 22 de xullo de 2011 a Xunta de Goberno Local, ao abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, estableceu o número e o réxime do persoal eventual do grupo político municipal do Partido Popular.

No apartado primeiro do acordo indícase a adscrición ao grupo político municipal do Partido Popular de catro persoas en réxime de dedicación de xornada completa, dous Asesores, cunhas retribucións brutas anuais de 30.079,94 euros, e dous Auxiliares Administrativos con unhas retribucións brutas anuais de 21.473,51 euros.

Previa proposta do voceiro do grupo político citado mediante Resolución desta Alcaldía de data 19 de agosto do mesmo ano procedeuse ao nomeamento das persoas propostas.

D^a Alexia María Alonso Alonso, no seu día nomeada persoal eventual en calidade de Auxiliar Administrativa, tomou posesión do cargo de concelleira renunciando á súa condición de persoal eventual segundo escrito por ela presentado na Secretaría Xeral do Pleno en data de 21.12.2012, posteriormente, mediante Resolución de data 26.01.2012, e a proposta do voceiro do grupo, cesouse a un dos dous Asesores nomeados, D. Francisco Javier Carballeda Alonso.

Na data actual existen dous postos vacantes de persoal eventual correspondentes ao grupo político municipal do Partido Popular, respecto deles, o voceiro do grupo, mediante escritos de data 31 de maio propón a esta Alcaldía os nomeamentos das seguintes persoas: D. José María García Vega, en calidade de Asesor e D^a Fátima Presas Mata en calidade de Auxiliar Administrativo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como as condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e de conformidade coa proposta realizada polo voceiro do grupo político municipal do Partido Popular,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as seguintes persoas:

-D. José María García Vega, en calidade de Asesor do grupo político municipal do Partido Popular, en réxime de dedicación de xornada completa percibindo por elo unhas retribucións brutas anuais de 30.079,94 euros.

-D^a Fátima Presas Mata, en calidade de Auxiliar Administrativo do grupo político municipal do Partido Popular, en réxime de dedicación de xornada completa percibindo por elo unhas retribucións brutas anuais de 21.473, 51 euros.

As retribucións aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal do Concello.

A dedicación plena do persoal mencionado implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

SEGUNDO: O presente nomeamento terá efectos económicos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a súa inserción no taboleiro de editos.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

CUARTO: Notificar a presente Resolución aos interesados e ao voceiro do grupo político municipal do Partido Popular.

QUINTO: Notificar a presente Resolución, para os efectos oportunos, á Concellería Delegada da Área de Xestión Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Tesourería Municipal e Intervención Xeral.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3(644).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, REFERENTE O NOMEAMENTO DE D^a FATIMA PRESAS MATA COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. EXPTE. 477/1101.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 1.06.2012, que di o que segue:

“En sesión de data 22 de xullo de 2011 a Xunta de Goberno Local, ao abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, estableceu o número e o réxime do persoal eventual do grupo político municipal do Partido Popular.

No apartado primeiro do acordo indícase a adscrición ao grupo político municipal do Partido Popular de catro persoas en réxime de dedicación de xornada completa, dous Asesores, cunhas retribucións brutas anuais de 30.079,94 euros, e dous Auxiliares Administrativos con unhas retribucións brutas anuais de 21.473,51 euros.

Previa proposta do voceiro do grupo político citado mediante Resolución desta Alcaldía de data 19 de agosto do mesmo ano procedeuse ao nomeamento das persoas propostas.

D^a Alexia María Alonso Alonso, no seu día nomeada persoal eventual en calidade de Auxiliar Administrativa, tomou posesión do cargo de concelleira renunciando á súa condición de persoal eventual segundo escrito por ela presentado na Secretaría Xeral do Pleno en data de 21.12.2012, posteriormente, mediante Resolución de data 26.01.2012, e a proposta do voceiro do grupo, cesouse a un dos dous Asesores nomeados, D. Francisco Javier Carballeda Alonso.

Na data actual existen dous postos vacantes de persoal eventual correspondentes ao grupo político municipal do Partido Popular, respecto deles, o voceiro do grupo, mediante escritos

de data 31 de maio propón a esta Alcaldía os nomeamentos das seguintes persoas: D. José María García Vega, en calidade de Asesor e D^a Fátima Presas Mata en calidade de Auxiliar Administrativo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como as condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e de conformidade coa proposta realizada polo voceiro do grupo político municipal do Partido Popular,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as seguintes persoas:

-D. José María García Vega, en calidade de Asesor do grupo político municipal do Partido Popular, en réxime de dedicación de xornada completa percibindo por elo unhas retribucións brutas anuais de 30.079,94 euros.

-D^a Fátima Presas Mata, en calidade de Auxiliar Administrativo do grupo político municipal do Partido Popular, en réxime de dedicación de xornada completa percibindo por elo unhas retribucións brutas anuais de 21.473, 51 euros.

As retribucións aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal do Concello.

A dedicación plena do persoal mencionado implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

SEGUNDO: O presente nomeamento terá efectos económicos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a súa inserción no taboleiro de editos.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

CUARTO: Notificar a presente Resolución aos interesados e ao voceiro do grupo político municipal do Partido Popular.

QUINTO: Notificar a presente Resolución, para os efectos oportunos, á Concellería Delegada da Área de Xestión Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Tesourería Municipal e Intervención Xeral.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4(645).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTES. 751/13, 1912/15 E 1824/04.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 28.05.2012, e do 31.05.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Consuelo Dominguez Vilar. Expte.751/13.
- D^a. Andrea Benito Samariego. Expte. 1912/15
- D. Domingo López Hernandez. Expte. 1824/04.

5(646).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL, POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 9631/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de data 15.05.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral do 29.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aproba-la indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. -SAMYL-”, polo importe de 32.913,70 euros, IVE engadido, como pago da factura polos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais prestados nos meses de marzo e abril do presente ano, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente.

6(647).- ALLEAMENTO DE 90 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 4069/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, de data 5.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Enaxenar a Lajo y Rodríguez S.A. Os 90 vehículos para chatarra relacionados no expediente 4069-241 por un importe de 17.777 euros.”

7(648).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 59058/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, de data 1.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos de intervención familiar. (exped 59058-301), no seguinte orde decrecente:

| | | |
|----|------------------|-------------|
| 1ª | Clece, S.A. | 85 PUNTOS |
| 2ª | Fundación Aldaba | 24,5 PUNTOS |

Segundo.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, Clece, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 620,14 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(649).- MODIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 2054/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, de data 30.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Corrixir o erro material do paragrafo 1º do punto 7 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 27 de abril de 2012 “ proposta de clasificación de

ofertas para a contratación do servizo de atención telefónica 010. expte. 2054/321” no sentido de que as puntuacións finais obtidas polos licitadores sexan as seguintes:

| EMPRESA | Criterios disponibles mediante xuízo de valor | Criterios disponibles a través de fórmula | TOTAL |
|--|---|---|-------|
| Outsourcing Signo Grupo Norte S.A. | 43,00 | 31,20 | 74,20 |
| Eulen S.A. | 34,00 | 40,00 | 74,00 |
| UTE Telemark-Spain S.L.-Balidea Consulting& Programming S.L. | 41,00 | 20,95 | 61,95 |

9(650).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS DURANTES OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO E ABRIL DO ANO 2012, TRAMITADOS NO VERBUM. EXPTE. 2128/340.

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no Verbum, nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2012, segundo proposta do director administrativo do Verbum, de data 30.04.2012, conformada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

| | |
|----------------------|--|
| Expediente | 2002/340 Xestión e execución do ciclo de obradoiros de iniciación á poesía no Verbum |
| Decreto concelleira | data 19 de xaneiro de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 4474 |
| Adxudicatario | Alicia Fernández Rodríguez |
| Importe | 1.400 € |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2003/340 Proxecto de sistema de seguridade e conexión á central de alarmas e instalación no museo |
| Decreto concelleira | data 13 de abril de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 4473 e 20939 |
| Adxudicatario | Systems Niscayah SAU |
| Importe | 14.310,72 € |

| | |
|----------------------|---------------------------------------|
| Expediente | 2004/340 Combustible para calefacción |
| Decreto concelleira | data 6 de febreiro de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 8686 |
| Adxudicatario | Cepsa Comercial Noroeste SL |
| Importe | 2.000 € |

| | |
|----------------------|-----------------------------------|
| Expediente | 2005/340 Envíos correos do Verbum |
| Decreto concelleira | data 15 de xaneiro de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 8678 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 500 € |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2006/340 Gastos mensaxería e transporte do Verbum |
| Decreto concelleira | data 8 de febreiro de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 8675 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 2.000 € |

| | |
|----------------------|--|
| Expediente | 2007/340 Desmontaxe e recollida de elementos expositivos de iluminación, vídeo, videoproxección e son das mostras Vigo, cidade Babel e Galicia nas Ondas |
| Decreto concelleira | data 8 de febreiro de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 8674 |
| Adxudicatario | Disigna Edenia SL |
| Importe | 1.038,40 € |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2106/340 Producción do concerto-recital do grupo Xardín Desordenado para conmemorar o Día da Poesía no Verbum |
| Decreto concelleira | data 15 de marzo de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 17487 |
| Adxudicatario | Isaac Garabatos Martínez |
| Importe | 4.130 € |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2107/340 Atencións primas de seguros de exposicións |
| Decreto concelleira | data 15 de marzo de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 17489 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 240 € |

| | |
|----------------------|-------------------------------|
| Expediente | 2108/340 Gastos protocolarios |
| Decreto concelleira | data 15 de marzo de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 17650 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 1.000 € |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2109/340 Adquisición prensa, libros, revista, códigos legislativos Verbum |
| Decreto concelleira | data 8 de marzo de 2012 |
| Informe Intervención | RCM 17513 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 550 € |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

10(651).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2012 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN. EXPTE. 8849/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 11.05.2012, conformada polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do

Secretario da Admón. Municipal do 15.05.2012, e co informe do Interventor Xeral do 4.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2012 do Programa de Axudas Municipais á Contratación, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 25.000€ (VINTE E CINCO MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 489.0000 "Programas de axuda á inserción laboral".

TERCEIRO.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2012 do programa de axudas municipais á contratación.

INDICE

INTRODUCCIÓN

BASE 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

- ❖ Finalidade.
- ❖ Características das empresas e entidades beneficiarias.
- ❖ Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.
- ❖ Tipos e contías das axudas.
- ❖ Obrigas do/a beneficiario/a.
- ❖ Alteración das condicións de concesión das axudas.

BASE 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

BASE 3ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN.

- o Instrución e tramitación das axudas.
- o Comisión de valoración e seguemento.
- o Criterios obxectivos de adxudicación.

BASE 4ª.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

BASE 5ª.- PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS.

BASE 6ª.- NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

BASE 7ª.- PUBLICIDADE.

- 7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 7.2. Publicidade das subvencións concedidas.
- 7.3. Publicidade do financiamento público

BASE 8ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

BASE 9ª.- DISPOSICIÓN FINAL.

ANEXOS:

| | |
|-------------|--|
| ANEXO I | SOLICITUDE. |
| ANEXO I Bis | DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE. |
| ANEXO II | FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA. |
| ANEXO III | DECLARACIÓN XURADA NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS. |
| ANEXO IV | DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E SEGUIMENTO. |
| ANEXO V | DECLARACIÓN DE PODER OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS. |
| ANEXO VI | BAREMO. |
| ANEXO VII | DECLARACIÓN DO USO DO GALEGO NA RELACIÓN CO CONCELLO DE VIGO . |
| ANEXO VIII | DECLARACIÓN RESPONSABLE. |

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2012 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

No contexto actual, no marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial e no conxunto de accións considerado dentro dos programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación.”

Nesta publicación das bases reguladoras e convocatoria das Axudas municipais á contratación para o ano 2012, introdúcense importantes cambios respecto ás anteriores na idea de flexibilizar o acceso das empresas e entidades ás axudas ao ampliar o colectivo subvencionable e o importes da axuda.

BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar as axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas empadroadas no municipio de Vigo no momento de iniciarse a contratación, a tempo completo ou parcial, en calquera das modalidades contractuais vixentes, cunha duración mínima de 3 meses e formalizados no período comprendido entre o 16 de setembro de 2011 e o 31 de abril de 2012.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que formalicen contratos por conta allea a persoas desempregadas empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. As empresas que ademais acrediten, que as persoas que contratan pertencen a algún dos colectivos especificados no punto 1.4 verán incrementada a cuantía da axuda.

1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.

1.3.1.- Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.3.2.- Será tamén requisito para obter a condición de beneficiario non ter amortizado nos últimos tres anos postos de traballo por despedimento declarado improcedente ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.

1.3.3.- O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.3.4.- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas desempregadas e empadroadas no municipio de Vigo, durante un período mínimo de 6 meses previo á presentación da solicitude. No caso da pertenza destas persoas nalgún dos colectivos especificados no punto 1.4 deberán acreditálo de xeito documental.

1.3.5.- O/A beneficiario/a deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.

1.4. Tipos e Contías das axudas

Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais ou cuxa relación contractual previa co solicitante non sexa inferior a catro anos, en totalas súas modalidades, agás o contrato en prácticas, coas seguintes características:

| BENEFICIARIOS/AS | CONTRATO: 3 MESES | CONTRATO: 6 MESES | CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS |
|--|----------------------|----------------------|----------------------------|
| Persoas desempregadas empadroadas en Vigo ¹ | 375,00 € | 750,00 € | 1.500,00 € |
| INCREMENTO POR COLECTIVO² | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participantes dalgún dos programas da concellería. ▪ Primeiro empregado/a da empresa. ▪ Mulleres ▪ Persoas con discapacidade ▪ Parados de longa duración (1 ano ou máis). ▪ Persoas menores de 30 anos ou maiores de 45 anos. ▪ Persoa vítima de violencia doméstica³ | 150,00 € | 300,00 € | 600,00 € |
| Importe Total | 525,00 € | 1.050,00 € | 2.100,00 € |

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo previo de 6 meses.

(2) O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo.

(3) Persoas que teñan acreditada a condición de vítima de violencia de xénero nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Serán subvencionables os contratos a tempo parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais, con redución proporcional da cuantía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, poderán subvencionarse contratacións cunha duración mínima inferior.

1.4.1.- O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 5.000,00€, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da

solicitude. Estas axudas quedan limitadas a un máximo de 5 contratacións por beneficiario, sexa cal sexa o seu tempo de dedicación.

1.4.2.- As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na aplicación orzamentaria 2410 4700000 - "Programa de axuda á inserción laboral" - por un importe de 25.000,00€.

1.5. Obrigas do/a beneficiario/a.

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.5.1.- Acreditar no momento da solicitude a contratación de persoas desempregadas empadroadas no municipio de Vigo, no período comprendido entre o 16 de setembro de 2011 e o 31 de abril de 2012,.

1.5.2.- Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos considerados para o incremento da axuda (persoa con discapacidade, persoa vítima de violencia doméstica, parados de longa duración, etc.) agás os/as participantes dos programas do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

1.5.3.- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

1.5.4.- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

1.5.5.- Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ó contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.6.- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.7.- O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.8.- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ó cese, e por un período de tempo equivalente ó que restase ou reste para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ó seu reintegro. Para a

contratación da nova persoa traballadora solicitaráanse candidaturas entre as persoas usuarias do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

No caso no que o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego non subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dun/unha novo/a traballador/a co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou percibir o importe da subvención proporcional ó tempo efectivo da contratación.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Promoción Económica e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente suscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª : EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador autónomo sen asalariados e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nen estea ao seu cargo.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

BASE 3ª: PROCEDemento DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN.

3.1.- Instrución e tramitación das axudas.

O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no

seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

3.2.- Comisión de valoración e seguemento.

Estará composta polos seguintes membros:

- ▣ O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- ▣ O xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- ▣ Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

3.3.- Criterios obxectivos de adxudicación.

No caso de que o montante total das axudas que procedese conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ó baremo que figura nestas bases.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación do citado baremo, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

En caso de empate entre unha ou varias das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

1. Duración dos contratos.
2. Características das persoas contratadas.
3. Número de persoas a contratar.
4. Uso do galego na relación coa administración.

As solicitudes de axudas valoraranse con arranxo ao seguinte baremo:

1. DURACIÓN DO CONTRATO:

| DURACIÓN CONTRATO | NÚMERO DE PUNTOS |
|-------------------|------------------|
| 6 MESES | 3 |
| 1 ANO | 5 |
| MÁIS DE 1 ANO | 10 |

2. CARACTERÍSTICAS PERSOAS CONTRATADAS:

| CARACTERÍSTICAS | NÚMERO DE PUNTOS |
|---|------------------|
| MENORES DE 30 ANOS CON ESCASA CUALIFICACIÓN | 5 |
| MAIORES DE 45 ANOS | 5 |

| | |
|--|----|
| PARADOS/AS LONGA DURACIÓN | 5 |
| MULLER | 5 |
| DISCAPACITADO/A | 5 |
| VÍTIMA VIOLENCIA DOMÉSTICA | 5 |
| PRIMEIRO/A EMPREGADO DA EMPRESA | 5 |
| PERSOA USUARIA DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO | 20 |

Sumarase a puntuación correspondente a cada unha das circunstancias que de xeito simultáneo concorran nunha mesma persoa.

3. NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS:

| NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS | NÚMERO DE PUNTOS |
|-------------------------------|------------------|
| 1 | 2 |
| 2-4 | 4 |
| MÁIS DE 4 | 10 |

4. USO DO GALEGO NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

| USO DO GALEGO NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN | NÚMERO DE PUNTOS |
|--|------------------|
| POLO USO DO GALEGO | 1 |

Achegarase Anexo VII cuberto.

BASE 4ª: SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no *Anexo I*, ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ó “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada previamente no Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego, segundo consta no *Anexo I bis*:

Documentación relativa á empresa:

1. Ficha de solicitude (*Anexo I*).
2. DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas
3. No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
4. Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.
5. Ficha de solicitude de transferencia bancaria (*Anexo II*).
6. Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
7. Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (*Anexo III*).
8. Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (*Anexo IV*).
9. Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa así como a persoa pola que se percibe a axuda corespondente.

10. Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Anexo V*).

Documentación relativa a cada traballador/a

11. DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.
12. Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior á contratación.
13. Contrato de traballo, rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
14. Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza do/a traballador/a a algún dos colectivos considerados no punto 1.4. destas bases e convocatoria, agás os participantes dalgún dos programas da concellería.

O **prazo de presentación de solicitudes** será de **15 días hábiles** dende o día seguinte a data de publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Toda solicitude que non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ó solicitante conforme ó establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ó da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, unha vez rematado o período de contratación estipulado, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 3 meses por parte do beneficiario/a como xustificación da subvención, mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas:

- De estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) e co Concello de Vigo.
- A presentar unha vida laboral actualizada ou certificado de empresa que amose o periodo total da contratación e as características da mesma.
- A presentar o último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.
- Fotografía do cartel informativo da subvención, que será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

O pago queda tamén condicionado á emisión polo servizo xestor, a concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda e que se incorporará á correspondente conta xustificativa que se remita a Intervención.

BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 7ª: PUBLICIDADE.

7.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2012 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego do Concello de Vigo, publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

7.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, no prazo de

tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercer os empresarios solicitantes das axudas.

As axudas que se concedan ó abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no BOP de Pontevedra, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Tanto os solicitantes como os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ó respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, a listaxe de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

7.3.- Publicidade do financiamento público.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación no "Programa de axudas municipais á contratación" do Concello de Vigo. O cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª: DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

11(652).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROIS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE BOUZAS PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA E DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS. EXPTE. 8842/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 7.05.2012, conformada polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do Secretario da Admón. Municipal do 10.03.2012, e co fiscalizado de conformidade da

xefa do servizo de Fiscalización do 30.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas”, coa finalidade de promocionar a cultura mariñeira, promoción das embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polveiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2012.
-
- Facultar ao concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado don Santos Hector Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
- Así as cousas, o Concello de vigo no seu vixente orzamento prorrogado, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.
-
- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 24104890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais"de Promoción Económica e Emprego.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don Santos Héctor Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Ramón Vázquez Martínez, en calidade de presidente da “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8041/77.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, ten entre outros tal e como se atopan nos seus estatutos os seguintes fins:

- O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.
- Desenvolver actividades que conduzcan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.

- Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.
- Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.
- Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.
- Coidar, manter e administrar calquer instalación cedida por calquer organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.
- Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polveiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas
- Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na Bretaña francesa.
- Que dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2011 sobre a difusión da cultura mariñeira están entre outras as que figuran no anexo I.
-

II.- Que dende o Concello de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia, estase a promocionar esta cultura mariñeira dende fai moitos anos non só como instrumento de lecer senon tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas "Mar de Vigo", nas que a parte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron a mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades náuticas e novas técnicas de construción naval.

Como resultado destas escolas obradoiro o Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

1. 1 Traíña de 11,25m. de eslora e 2,59m. de manga "Vigo 05" .
2. 1 Bote Polveiro de 4,50 m. de eslora e 2,20m. de manga "Praia do Vao".
3. 1 Gamela Coruxeira de 4,5m. de eslora e 1,65m. De manga."Praia da Fontaiña"
4. 1 Galeón de 11m de eslora e 3,30m. de manga "Coruxo"
5. 1 Dorna de tope de 7,27 m de eslora e 2,46 m de manga "Illa de Toralla" (en construción).

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Promoción por medio dunhas charlas-coloquios a construción de embarcacións tradicionais.
- Ensino e información de como se fai a preparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- outubro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (Carril - Vilagarcía, Vila do Conde, Muros, Moaña, Monforte – río Cave, etc.)
- Regatas de faluchos.
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais.
- Concerto de corais.

- Promoción a nivel local, autonómico, nacional e incluso internacional das embarcacións tradicionais polas súas características de construción en madeira e por seren réplicas de embarcacións tradicionais sendo estas o mellor referente para a difusión da cultura mariñeira.
- Exposición de embarcacións tradicionais non só para apreciarlas senon tamén para disfrutar da súa navegabilidade.
- Que esta asociación abrírase a calquera outra proposta de difusión da cultura mariñeira que partise do Concello de Vigo para facer saídas promocionais, actividades culturais, deportivas ou turísticas en xeral que se considerase oportunas .

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de data 23 de decembro de 2010, onde se aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.

E como se indica na ley de subvencións, no caso de preverse a financiación do gasto con cargo a un crédito nominativo, a concesión poderá ser de forma directa. Estas circunstancias limitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio de colaboración ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e incluso turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas. O Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen a súa colaboración no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) así como da realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta. (Anexo I) para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....

2. Como se especifica nos nosos estatutos manter, coidar e administrar calquer tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promocionando as mesmas non só en terra senon tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promocionar non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senon tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promocionar coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin. (Traiña "Vigo 05", Bote Polveiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna de Tope "Illa de Toralla (provisional)". En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

15. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñemento da cultura mariñeira, non só nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, senón a todo o público en xeral.
16. Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades promotoras da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a asociación de mariñeiros artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
17. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades ás que se compromete no pacto primeiro.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da concellería de Emprego e Participación Cidadá subministrado polo servizo xestor do convenio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría Emprego e Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa concellaría de Emprego e Participación Cidadá.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de 3 (tres) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporaráse ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de decembro de 2012.

Décimo segundo.- O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Emprego e Participación Cidadá.

O xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá emitirá informe ao respecto sobre a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución importante da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

12(653).- BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS E CREACIÓN DE EMPRESAS 2012. EXPTE. 8848/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 7.05.2012, conformada polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do Secretario da Admón. Municipal do 14.05.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 31.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2012 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que se achegan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 50.000€ (CINCUENTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral".

TERCERO.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2012 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2012 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

Base 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1.- Finalidade
- 1.2.- Beneficiarios/as
- 1.3.- Requisitos xerais dos beneficiarios/as
- 1.4.- Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.5.- Criterios de avaliación
- 1.6.- Alteración das condicións de concesión das axudas

Base 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1.- Instrución e tramitación das axudas
- 3.2.- Comisión de Valoración e Seguemento

Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1.- Solicitudes
- 4.2.- Obrigas e prazo

Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª.- PUBLICIDADE

- 6.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 6.2.- Publicidade das subvencións concedidas.
- 6.3.- Publicidade do financiamento público.

Base 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

Base 9ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Base 11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- ANEXO I.- Solicitude.
- ANEXO II.- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.
- ANEXO III.- Ficha de solicitude de transferencia bancaria.
- ANEXO IV.- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas.
- ANEXO V.- Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- ANEXO VI.- Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego
- ANEXO VII.- Relación de facturas presentadas
- ANEXO VII bis.- Relación de facturas subvencionadas.
- ANEXO VIII.- Declaración xurada do perceptor.

Base 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión, para o ano 2012 das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas da Concellería Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ten a finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Vigo apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2.- Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o **1 de xuño de 2011** e o **31 de marzo de 2012** (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.- Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as:

- 1- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

2- Que, como mínimo, un dos promotores esté en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa pertenza a persoas en situación de desemprego.

3- Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.

5- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin os socios.

6- Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os socios.

4- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, en tal concepto, os traspasos de negocios.

7- Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

8- Que ningún do/s promotor/es houbera recibido a subvención do programa de "Axudas Municipais á Creación de Empresas" do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.

9- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

Á data **límite de presentación das solicitudes** os beneficiarios deberán cumprir os requisitos 1) e 6) deste apartado.

1.4.- Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros 3 meses de actividade. **O importe máximo destas axudas é de 2.500€** por empresa e non poderá superar o **50%** dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os **gastos** que poderán ser **subvencionables correspondentes ós tres meses anteriores e ós tres meses posteriores ao inicio da actividade**, excepto os gastos de constitución e apertura:

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1- visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2- licenza de obra e licenza de apertura
- a3- alta no Rexistro Mercantil
- a4- certificación negativa do nome da sociedade
- a5- honorarios de notaría por escrituras públicas
- a6- publicación no BORME
- a7- Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer de local.

Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer do local da actividade.

e) Primas de seguros

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, de un vehículo, só no caso de que sea imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

d) Subministracións e gastos correntes

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- d1- auga
- d2- teléfono
- d3- electricidade
- d4- gasóleo / gasolina
- d5- material de oficina
- d6- asesoría
- d7- gas
- d8- equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

f) Dereitos de propiedade industria

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1- patentes
- f2- modelos de utilidade
- f3- deseño industrial
- f4- marcas de produtos ou servizos
- f5- nomes comerciais
- f6- dominio en Internet

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Serán subvencionables o 50% do custo de dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e só no caso de ser imprescindible e estar relacionado directamente coa actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida será a Comisión de Valoración quen decida.

1.5.- Criterios de avaliación

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- Emprendedores/as que obtiveron do Concello de Vigo o certificado necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta e/ou os que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 2 puntos):

| | |
|---|--------|
| Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM | 2 ptos |
|---|--------|

- A situación social do socios/as promotores/as (ata 8 puntos).
Esta puntuación valorarase na medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as, sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral.
→ Persoas paradas de longa duración (1)

- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (2)
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio

| | |
|--|--------|
| Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as | 2 ptos |
|--|--------|

- Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de seis ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

| | |
|---|--------|
| Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 6 meses | 2 ptos |
|---|--------|

No caso de xornadas parciais puntuarase en proporción.

- Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as e/ou dos/as contratados/as (ata 10 puntos).

| | 1 persoa | 2 persoas | 3 persoas |
|------------------|----------|-----------|-----------|
| Menos de 3 meses | 1 pto | 2 ptos | 3 ptos |
| De 3 a 6 meses | 2 ptos | 4 ptos | 5 ptos |
| De 6 a 12 meses | 3 ptos | 6 ptos | 8 ptos |
| Máis de 12 meses | 4 ptos | 8 ptos | 10 ptos |

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe.

- Actividade emerxente ou novo filón de emprego (*Anexo VII*) (2 puntos).

| | |
|---|--------|
| Actividade emerxente ou novo filón de emprego | 2 ptos |
|---|--------|

- Que as persoas, promotoras e contratadas por conta allea, estén empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos)

| | |
|---|--------|
| Por cada persoa, promotora ou contratada por conta allea empadroada no Concello de Vigo | 2 ptos |
|---|--------|

7. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa

| | |
|---|-------|
| Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa | 1 pto |
|---|-------|

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.

(1) Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.

(2) Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

❖ *Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.*

❖ *Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.*

❖ *Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*

❖ *Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.*

❖ *Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.*

❖ *Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.*

❖ *Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos/as.*

❖ *Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.*

❖ *Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.*

❖ *Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.*

Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

1.6.- Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal prezase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000€ nun período de dous anos para o mesmo/a beneficiario/a.

Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1.- Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva** (a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).
- A Concellería de Promoción Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo sera publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org, e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

3.2.- Comisión de Valoración e Seguemento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguemento das subvencións concedidas, que estará composta por:

18. Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.
19. Xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego.
20. Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O Xefe do servizo actuará como secretario.

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguemento e a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderán requirirille aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1.- Solicitudes

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (**Anexo I**), presentaranse no **Rexistro Xeral** do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, debendo ir **acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada** previamente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello- 4ª planta), debidamente cuberta a asinada:

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª de dita subvención (**Anexo II**)
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (**Anexo III**).
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (**Anexo IV**).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (**Anexo V**).
- Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (**Anexo VI**), no seu caso.
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, no punto 1.4 (**Anexo VII**).
- **Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas** coa **Seguridade Social**, coa **Consellería de Facenda** e a **AEAT** (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- **NIF/DNI** da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneros/as e, no seu caso, e copia do **contrato/escritura de constitución** da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. (no caso de sociedade limitada só precisase o DNI do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen).
- Alta no **IAE** da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o **documento único electrónico** (DUE).
- **Alta** no correspondente réxime da **Seguridade Social** e **vida laboral** dos/as empresarios/as traballadores/as que cree/n o /s seu/s propio/s posto/s de traballo.
- **Facturas dos gastos** para os que se solicitou a subvención xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a cuantía aboada.
- Solicitude de **licenza de apertura e licenza de obras**, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.5 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM ou declaración da súa obtención.
- Certificados que demostren a situación social dos promotores autoempregados (vida laboral, DNI, certificado de discapacidade, acreditación da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social e acreditación das persoas que esgoten a súa prestación de desemprego ou subsidio, no seu caso).
- No caso de **contratación**:
 1. DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.
 2. Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).
 3. Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.
- Calqueira medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade en galego, ...)
- Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requerirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de **dez días** subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle tendrá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na [Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común](#).

Toda a documentación deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada, non sendo necesario presentar os DNIs compulsados. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

4.2.- Obrigas e prazo

Dacordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán **obrigas da empresa beneficiaria**:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, **no momento da solicitude da axuda**, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

O **prazo de presentación** de solicitudes contarase a partir do día seguinte a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e **rematará un mes despois desta data**.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por Rexistro do concello. Transcurrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

6. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
7. O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Trascurrido o devandito prazo de catro meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascurrido este último prazo unicamente

poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A **resolución** do procedemento publicarase no **Taboleiro de Edictos do concello** e na **páxina web do concello** www.vigo.org e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a **resolución** de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mês, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de **dez días** a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada e deberán presentar, nese prazo, a seguinte documentación:

□ Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a presentación da seguinte documentación:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas relacionadas no **(Anexo VII bis)**, a empresa beneficiariao poderá solicitar dito anexo a o Servizo de Desenvolvemento Local e presentaralo asinado e con data actualizada.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal (si tiene local sólo dirección do local senon dirección do modelo de declaración censal).
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.

c) Unha relación detallada e actualizada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia **(Anexo III)**.

d) Declaración xurada do perceptor **(Anexo XI)**, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade social (conforme ao estipulado no art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Fotografía do cartel informativo da subvención que será suministrado polo servizo de Promoción Económica e Emprego.

O **prazo** para a presentación desta documentación será de **10 días a contar dende o día seguinte a o da súa notificación** da concesión das correspondentes axudas.

Toda a documentación presentada deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.

O servizo xestor, Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguemento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª.- PUBLICIDADE

6.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2012 do "Programa de axudas municipais á creación de empresas" do Concello de Vigo publicarase no correspondente **diario oficial**, nos **xornais de maior tirada da cidade** e na **páxina web www.vigo.org**, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do Concello – 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na **páxina web www.vigo.org**, exposto no **Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo** e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

6.3.- Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Base 8ª.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

- **Perdida do dereito ao cobro:**

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

- **Renuncia:**

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

- **Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Base 9ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.- Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2012, cun importe total de 50.000€.

2.- Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte á da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir do día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

13(654).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL. EXPTE. 8845/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 10.05.2012, conformada polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do Secretario da Admón. Municipal do 11.05.2012, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 30.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar o citado convenio.

3º.- Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento prorrogado, e no orzamento pendente de aprobación contempla a partida 2410 4890002, onde prevese nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 489.00.02 "Convenio Fundación Secretariado Xitano" de Desenvolvemento Local e Emprego.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, na súa calidade de _____ do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Pedro Puente Fernández, como presidente da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Antonio Merino 10, Madrid, na representación da mesma, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións ais bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxinados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fudación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

6. A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.
8. Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.
 - A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.
 - A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento prorrogado así como no que se vai a aprobar contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Gitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8845 / 77.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Gitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Gitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

- 1º.- En canto ao eixo socio-laboral:
 - Mobilización das persoas para mellorar a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.
 - Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais
 - Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.

2º.-En canto ao eixo formativo:

5. Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.
6. Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emprego.
7. Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: *Curso de Manipulación de Alimentos (para a obtención do carné profesional); Curso de atención ao público e Dependentes de Comercio; Curso de camareira limpiadora; Curso de habilidades sociais para o emprego; Curso de informática básica para a busca de emprego, Curso de preparación das probas libres de competencias clave.*

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.
- Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.
- Intermediación co tecido económico-empresarial.
- Convenios con empresas e outros axentes sociais.
- Prácticas formativas no ámbito da empresa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Unir esforzos e actuar aunadamente coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (*DEZASEIS MIL EUROS*), *con cargo á partida 2410 489.00.02, do vixente orzamento*, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións

ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas beneficiarias, éstas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

1.-Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

-Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.

-Datas e lugar de celebración.

-Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

-Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

-Actuacións realizadas.

-Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo Oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- ▣ A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- ▣ A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- ▣ A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- ▣ Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- ▣ Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de de 2012

14(655).- RELACIÓN DE XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, co informe da xefa do servizo de Fiscalización, de data 31.05.2012, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFICAC. | REINT. | S/FAVOR |
|-----------------------------|----------|-----------|-------------|----------|---------|
| ALONSO FERRAGUD SANTIAGO | 12005390 | 3.000,00 | 1.105,90 | 1.894,10 | ---- |
| CABRERA RIANDE JORGE | 12008883 | 37,40 | 37,40 | ---- | ---- |
| CABRERA RIANDE JORGE | 12008884 | 43,80 | 14,35 | 29,45 | ---- |
| CABRERA RIANDE JORGE | 12008885 | 125,00 | 125,00 | ---- | ---- |
| COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN | 12006789 | 131,00 | 89,79 | 41,21 | ---- |
| COVELO ROMA ROSENDO G. | 12012398 | 1.976,10 | 1.976,10 | ---- | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 11059167 | 290,77 | 268,77 | 22,00 | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 11074910 | 220,41 | 191,13 | 29,28 | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 12006373 | 1.300,00 | 1.300,00 | ---- | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 12006374 | 930,33 | 783,17 | 147,16 | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 12006375 | 1.800,00 | 1.478,91 | 321,09 | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 12013706 | 100,00 | 100,00 | ---- | ---- |
| ESCARIZ COUSO ALBERTO | 12013760 | 191,81 | 191,81 | ---- | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004527 | 17.999,00 | 16.885,17 | 1.113,83 | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004528 | 1.000,00 | 453,47 | 546,53 | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004531 | 500,00 | 426,61 | 73,39 | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004535 | 500,00 | 158,33 | 341,67 | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004536 | 500,00 | 500,00 | ---- | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004544 | 500,00 | 452,27 | 47,73 | ---- |
| ESPADA RE CAREY LUIS | 12004550 | 500,00 | 94,25 | 405,75 | ---- |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ | 12004308 | 50.000,00 | 50.000,00 | ---- | ---- |
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J. | 12003360 | 500,00 | 445,69 | 54,31 | ---- |
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J. | 12003362 | 627,47 | 627,47 | ---- | ---- |
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J. | 12006184 | 450,00 | 450,00 | ---- | ---- |

| | | | | | |
|--|----------|------------|------------|-----------|------|
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER | 12014953 | 611,70 | 611,70 | ---- | ---- |
| LÓPEZ MOURE JESÚS | 12001778 | 132.181,84 | 131.127,77 | 1.054,07 | ---- |
| LÓPEZ MOURE JESÚS | 12008859 | 95.000,00 | 95.000,00 | ---- | ---- |
| OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO | 12006824 | 8.500,00 | ---- | 8.500,00 | ---- |
| QUINTELA RODRÍGUEZ M ^a JOSÉ | 12004306 | 274.127,99 | 274.127,99 | ---- | ---- |
| TOTAL | | 593.644,62 | 579.023,05 | 14.621,57 | ,00 |

TOTAL XUSTIFICADO 579.023,05.-

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

a) Rendéronse no prazo establecido, agás os libramentos números 11059167 e 11074910 do habilitado ESCARIZ COUSO ALBERTO.

b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.

c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.

d) Que os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

15(656).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE MAIO 2012. EXPTE. 8612/306.

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Medio Ambiente durante o mes de maio 2012.

| EXPTE.: 8612/306 – CONTRATOS MENORES – Maio 2012 | | | | | | | |
|--|----------------|-------|--|---------------|--------------|----------|-------------|
| Expte. | Partida | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data RC | Importe |
| 8539/306 | 1720.210.00.00 | CMSER | Reparacións e conservacións de bens naturais | Varios | 02/05/12 | 08/05/12 | 15.000,00 € |

| | | | | | | | |
|--------------|-----------------|-------|---|--------------------------|----------|----------|----------------|
| 8537/ 306 | 1720.210.00.01 | CMSUB | Adquisición de materiais varios para reparacións e mantemento bens naturais | Varios | 02/05/12 | 08/05/12 | 8.000,00 € |
| 8501/ 306 | 1720.227.99.08 | CMSER | Reportaxes fotográficas e impresión trípticos na campaña Camiño a Camiño | Varios | 20/04/12 | 03/05/12 | 1.000,00 € |
| 8556/ 306 | 1720.2227.99.08 | CMSUB | Avituallamiento aos participantes do Camiño a Camiño | Varios | 03/05/12 | 09/05/12 | 1.000,00 € |
| 8585 /306 | 1720.227.99.08 | CMSER | Monitoraxe nas Illas Cíes en maio | Xoma Iniciativas Sociais | 18/05/12 | 21/05/12 | 12.980,00 € |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

16(657).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A., POLOS SERVIZOS REALIZADOS DE AGOSTO 2011 A FEBREIRO 2012, EN APOIO DO FUNCIONAMENTO ORDINARIO DO APARCADOIRO SOTERRADO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 82535/210.

Retirado da orde do día.

17(658).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS POR ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA MODIFICADO Nº 1. CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS PARROQUIA DE LAVADORES-VIGO. FASE I RÚA BAGUNDA-TRV. STA. CRISTINA. EXPTE. 2154/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 30.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Proceder á devolución das fianzas a **ORECO, S.A.**, constituídas na data reseñada, polos importes de :

| Nº DE OPERACION | IMPORTE |
|-----------------|--------------|
| 201100084726 | 100.000,00 € |
| 201100084725 | 43.334,58 € |

18(659).- RECLAMACIÓN DE ABONO DE PRODUTIVIDADE POLA CAMPAÑA DE DESINFECCIÓN DO ANO 2009. EXPTE. 23037/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, de data 15.05.2012, conformada pola Xefa do Servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 7.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Asignar ó persoal municipal que participou na campaña de desratización correspondente ó ano 2009, que se relaciona a continuación, un complemento de produtividade polas contías indicadas, polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interese co que desenvolveron as súas funcións, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2009:

| Nº persoal | Apelidos e nomes | Importe |
|------------|-----------------------------|-----------|
| 9722 | Pardellas Avión, A. Avelino | 1785.69 € |
| 16350 | Seijas Alvarez, José Ramón | 1785.69 € |
| 17578 | Pereiro Alonso, Manuel A. | 1516.15 € |
| 22790 | Sousa Atrio, José Manuel | 1549.85 € |
| 13675 | Pérez Tomé, Jesús | 1819.38 € |
| | TOTAL | 8456,76 € |

Segundo.- As referidas cantidades abonaranse na vindeira nómina e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos”.

19(660).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE D. JOSE ANTONIO SANDE VÁZQUEZ, CORRESPONDENTES AO 2º, 3º E 4º TRIMESTRE 2011 E 1º DO 2012. EXPTE. 23114/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, de data 23.05.2012, conformada pola Xefa do Servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 30.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, aboaráselle a don José Antonio Sande Vázquez, segundo relacións que se achegan, por un importe de 726,70 €, correspondentes ó 2º, 3º e 4º trimestre de 2011 e 1º trimestre-2012, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

20(661).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO 2011 E ABRIL 2012. EXPTE. 23108/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., de data 25.05.2012, conformada pola Xefa do Servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 30.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

| SERVIZO | RELACIÓN | MES | Nº DE HORAS |
|---------------------------------|--|---------------|-------------|
| Medio Ambiente (Parque Móbil) | De Alonso Iglesias, Manuel a Cuervo Coomonte, Luciano | Decembro-2011 | 30,00 |
| Parque Móbil | De Agulla Amorin, Francisco J. a Riveiro Rodríguez, José | Decembro-2011 | 157,15 |
| Parque Central | De Alonso Alonso, Miguel A. a Mariño Sanromán, Roberto | Decembro-2011 | 71,00 |
| Montes, Parques e Xardíns | De Casas Iglesias, Alfonso a Varela Estévez, Roberto | Decembro-2011 | 229,25 |
| Alcaldía (condutores) | De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo | Abril-2012 | 296,00 |
| Extinción Incendios | De Cabaleiro Novelle, Daniel a Veiga García, Rubén | Abril-2012 | 233,00 |
| Extinción Incendios (Oficina) | De Mª Luz Palmás Calvar | Decembro-2011 | 30'00 |
| Cultura | Ramón Vázquez Martínez | Decembro-2011 | 8,00 |
| Policia Local (Xulgado) | De Alonso Moreira, José Luis a Vila Campos, Francisco | Abril-2012 | 872,00 |
| Policia Local (Horas en exceso) | De Aguado Taboada, Manuel F. A Vidal Lorenzo, Lucía | Abril-2011 | 615,40 |
| Parque Móbil (Limpeza) | De Alonso González, Angel a Ojea Domínguez, José L. | Decembro-2011 | 62,00 |
| Vías e Obras | De Alonso Cue, Miguel A. a Vázquez de Francisco, José | Decembro-2011 | 229,00 |
| Inspección Vías e Obras | De Villar Estevez, Raimundo a Vázquez Rial, Ramón | Decembro-2011 | 83,00 |
| Parque Móbil (Desinfección) | De Jesús Pérez Tomé | Decembro-2011 | 30,00 |
| Ospio | De Ferro Macho, Angel a Romero Gil-Delgado, Loreto | Decembro-2011 | 51,00 |
| Recursos Humanos | De Amelia Aragunde Martínez | Decembro-2011 | 31,35 |

O montante do presente expediente ascende a un total de 29.450,39 €”.

21(662).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO XGL DE 4.'05.2012, SOBRE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 6/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 (Dª VIRGINIA PEREIRAS BERMEJO). EXPTE. 23146/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión, de data 4.06.2012, conformada pola Xefa do Servizo de RR.HH., a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro material detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 4 de maio de 2012 (expte. 23038-220), no seu apartado segundo que deberá quedar redactado tal como segue:

“SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (292,69 €) e IRPF (605,42 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 000612. **(3.138,03 € de principal e 650,00 € de intereses e costas que deberá percibir o traballador)”**.

Segundo.- Dita rectificación comunícase á Intervención Xeral ao obxecto de que se proceda ao pagamento da contía pendente de aboar por importe de 1.009,24 €.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

22(663).- MODIFICACIÓN DO ACORDO XGL 24.02.2012 EN RELACIÓN CO PUNTO 1 DA PROPOSTA DE TRABALLOS POSTERIORES AOS DE ABASTECIMENTO DO ALTO DE CABRAL E CANDEÁN. EXPTE. 1275/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 28.05.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Modificar o Acordo anterior de data 24 de febreiro de 2012, en relación co punto 1 da proposta de Traballos posteriores aos de abastecemento do alto de Cabral e Candeán, pasando a ser a redacción do mesmo a seguinte:

Aprobación da memoria valorada para executa-las obras de Traballos posteriores aos de abastecemento do alto de Cabral e Candeán por un importe de 117.545,78 € (IVE engadido).

23(664).- ABOAR Á EMPRESA HIDROSCIVIL S.L., OS INTERESES DE DEMORA POLAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA REDONDELA. EXPTE. 1351/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da área de Fomento, de data 16.05.2012, co conforme da Asesor xurídico da área e do xefe de área, así como do concelleiro delegado de Fomento e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar á empresa "HIDROSCIVIL, S.L.", con CIF. B-36759652, a cantidade de 177,92 euros por motivo de intereses de demora, segundo os antecedentes descritos no expediente.

24(665).- ABOAR Á EMPRESA HIDROSCIVIL S.L., OS INTERESES DE DEMORA POLAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DO CALVARIO. FASE I. EXPTE. 1352/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da área de Fomento, de data 16.05.2012, co conforme da Asesor xurídico da área e do xefe de área, así como do concelleiro delegado de Fomento e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar á empresa "HIDROSCIVIL, S.L.", con CIF. B-36759652, a cantidade de 3.428,95 euros por motivo de intereses de demora, segundo os antecedentes descritos no expediente.

25(666).- ABOAR Á EMPRESA HIDROSCIVIL S.L., OS INTERESES DE DEMORA POLAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA URZAIZ. EXPTE. 1353/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da área de Fomento, de data 16.05.2012, co conforme da Asesor xurídico da área e do xefe de área, así como do concelleiro delegado de Fomento e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer e aboar á empresa "HIDROSCIVIL, S.L.", con CIF. B-36759652, a cantidade de 1.438,57 euros por motivo de intereses de demora, segundo os antecedentes descritos no expediente.

26(667).- CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE VIGO DE TRES VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DO IGVS NA ESTRADA DE CAMPOSANCOS Nº 317 E RÚA ROTEAS Nº 305. EXPTE. 50/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Vivenda e Solo, de data 27.03.2012, co conforme da Xerente de Urbanismo, co informe do Interventor Xeral do 25.05.2012, e co ditame do Consello da Xerencia de Urbanismo, do 1.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aceptar a cesión feita polo Instituto Galego de Vivenda e Solo de 3 vivendas de promoción pública que se relacionan nos antecedentes do presente acordo, coas súas respectivas prazas de garaxe e rochos vinculados, na Carretera de Camposancos nº 317, Bloque 1, Portal 2, Baixo B; no Bloque 1, Portal 1, Baixo B; e na Rúa Roteas nº 305, Bloque 4, Portal U, ático I, facendo constar que os gastos e impostos derivados da presente cesión serán por conta e cargo de quen legalmente resulte obrigado ao pagamento dos mesmos

No en tanto, con carácter previo a adopción do presente acordo, ao abeiro do disposto no Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, é necesario a emisión do preceptivo informe de intervención.

SEGUNDO: Formalizar en escritura pública a cesión gratuíta realizada e proceder á inscrición das vivendas obxecto de cesión no Rexistro da Propiedade, aos efectos da súa incorporación ao Patrimonio municipal de Solo.

TERCEIRO: Co obxecto de determinar as implicacións tributarias do presente acordo, así como ao abeiro do disposto nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, dar traslado ao departamento de Servizos Centrais da Xerencia municipal de urbanismo.

27(668).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2012. EXPTE. 3377/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, de data 18.05.2012, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola concelleira de Facenda, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 31.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2012.

SEGUNDO: Autorizar, ao indicado fin, o gasto de **15.000€** con cargo á partida orzamentaria **3370.489.00.00** “Subvencións para o fomento de actividades xuvenís”, do vixente orzamento.

Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. 2012.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2012 consignan, na partida orzamentaria **3370.489.00.00** "subvencións para o fomento de actividades xuvenís", un crédito por un importe total de **15.000€ (Quince mil Euros)**; crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, tal e como dispoñen os artigos 8 da LXS e 5 da LSG.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2012.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen nas entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2012.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de **15.000 Euros** (Quince mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2012; 3370.489.00.00 "Subvención para o fomento de actividades xuvenís". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) **Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro** inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) **Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as – mínimo 50% da xunta directiva-** que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).

c) **Grupos de mozos/as non constituídos como asociación** que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.

a) Establecer un representante que será o/a **responsable** do grupo de mozos/as, maior de idade, **con poderes suficientes**, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as (en aplicación dos artigos 8.3 da LSG e 11.3 da LXS).

b) Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.

c) A agrupación non poderá disolverse ata transcrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente, as entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal, entidades que presenten proxectos que impliquen discriminacións por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social, as asociacións que non teñan xustifico debidamente as axudas recibidas en anos anteriores, as entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo, entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido, e, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se

refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

- 5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 13 puntos:

Valorarase ata un máximo de **12 puntos en total**, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- Aspectos da entidade..... Máximo 2 puntos

| | |
|--|-----------------|
| Experiencia e traxectoria (0.02 /mes) | Máx.0.50 puntos |
| Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade) | Máx.0.50 puntos |
| Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios) | Máx. 1 punto |

- Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos

| | |
|--|--------------|
| Calidade e solidez do proxecto en conxunto | Máx.1 punto |
| Fundamentación e estrutura do proxecto | Máx.1 punto |
| Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto | Máx.1 punto |
| Adecuación do proxecto coas necesidades da mocidade actual | Máx. 1 punto |
| Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios) | Máx.1 punto |

| | |
|--|--------------------|
| Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís | <i>Máx.1 punto</i> |
| Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade. | <i>Máx.1 punto</i> |

● **Recursos e financiamento.....Máximo 2 puntos**

| | |
|--|---------------------|
| Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto(financiamento propio) | <i>Máx.1 punto</i> |
| Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento (0.20/cada entidade patrocinadora) | <i>Máx. 1 punto</i> |

| | |
|--|---------------------|
| Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda | <i>Máx. 1 punto</i> |
|--|---------------------|

Os proxectos que non obteñan unha **puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.**

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de **30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.** O anuncio publicarase ademais nas webs de vigo.org e de xuventudevigo.org facendo constar a data de publicación no BOP e o prazo concreto para presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellería de Xuventude (www.xuventudevigo.org).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e **presentarase no Rexistro Xeral do Concello** de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte **documentación** segundo o carácter do solicitante:

20. Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

| |
|--|
| a) Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1 |
| b) Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b . |
| c) Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2 . |
| d) Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4 . |
| e) Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5 . |
| f) Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa Seguridade social. |
| g) Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios. |
| h) <u>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria</u> a favor da entidade solicitante. |
| i) <u>Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal</u> da entidade solicitante. |
| l) Certificación acreditativa dos cargos representativos. |
| m) Declaración de compromiso do/a representante de que presentará no seu momento a xustificación da subvención no prazo establecido. |

▪

Grupos de mozos/as:

| | |
|----|---|
| a) | Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1 |
| b) | <u>Relación detallada e asinada por todos</u> , das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa |

| | |
|----|---|
| | previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...). Engadirase a esta relación a fotocopia compulsada do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo. |
| c) | Certificados orixinais ou copias compulsadas, de todos os membros do grupo , de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social e Facenda. Estas certificacións poderán ser substituídas por <u>unha declaración responsable</u> de cada un dos membros do grupo, como réxime simplificado desta acreditación, ao amparo en todo caso do mencionado no parágrafo cuarto do artigo 22.1 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. |
| d) | <u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo</u> na que expresamente se manifeste: <ul style="list-style-type: none"> ▫ Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida. ▫ Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude. - Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. |
| e) | <u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida. |
| f) | <u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios. |
| g) | <u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u> |
| h) | <u>Declaración conxunta</u> de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizarase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo. |

DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude– Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Xuventude, como órgano instrutor, emitirá informe de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada que será a encargada de aprobar a proposta de resolución correspondente.

Así mesmo en previsión do artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe da Comisión Avaliadora no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos para acceder a elas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá

ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión e así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo en aplicación e amparo do artigo 116.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os/as beneficiarios/as non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada segundo o disposto no artigo 27.1 LSG.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

Os/ as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización e, en todo caso, antes do 16 de novembro de 2012 e o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes do dito día 16 de novembro se se concorreran causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios **deberán achegar:**

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluiranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos **anexos 7,8,9,10** adxuntos destas Bases:

| |
|---|
| A7 Relación de facturas presentadas como xustificación. |
| A8 Certificado da veracidade das actividades realizadas. |
| A9 Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas. |
| A10 Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria, Concello de Vigo e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia). |
| 11 No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u> |

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais polo importe da subvención outorgada e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Tanto as bases e a convocatoria como cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, 26 de xaneiro de 2012

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

28(669).- PRÉSTAMO TEMPORAL Á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA, PARA A EXPOSICIÓN "GALLAECIA PETREA", DE VARIAS PEZAS DE COLECCIÓN DE ARTE E HISTORIA DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEON. EXPTE. 4551/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director do Museo, de data 7.06.2012, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural e da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. "Autorizar o préstamo temporal á Fundación Cidade da Cultura; para a exposición "*Gallaecia Petrea*"; a celebrar pola citada fundación no Museo da Cidade da Cultura de Galicia entre o mes de xuño e mes de decembro do ano en curso; das seguintes obras e pezas das coleccións municipais de arte e historia:

- + Estela de Dyonisos e Ampelos, (n.i. 1924)
- + Campesiña, Xose Eiroa Barral, (n.i. 1053)
- + 10 pezas das Gándaras de Budiño (n.i.s. 2570, 2571, 2576, 2582, 2583, 2585, 2559, 2602, 2566 e 2563)

2. "Todos os gastos e traballos derivados da realización do préstamo serán asumidos na súa integridade pola Fundación Cidade da Cultura. O préstamo estará condicionado ó estrito cumprimento das condicións xerais de préstamo establecidas polo museo; así como as condicións particulares reflectidas nos documentos anexos, particularmente os sinalados como (Anexos. Doc.6, 7 e 8); supervisando todos os procesos un correo independente, acordado por ámbalas dúas partes, de xeito que se nalgún momento o correo informase ao museo de que as condicións establecidas non se levaran a cabo, o Concello poderá solicitar a inmediata devolución das obras en préstamo asumindo a entidade solicitante, Fundación Cidade da Cultura, todos os traballos e gastos derivados da súa devolución. Esta efectuarase igualmente mediante a estrita aplicación das condicións establecidas nos anexos, en relación á desmontaxe, porteo, transporte das pezas,...; quedando obrigada a entidade solicitante a instalación das obras en préstamo, como mínimo, do mesmo xeito en que se atopaban á súa retirada no museo municipal de Vigo "Quiñones de León".

3. "O préstamo será posto en coñecemento da Xunta Reitora do Museo Municipal na primeira xuntanza que se convoque".

29(670).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,20 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.